


XI Limpeza simultánea de ríos. Setembro 2018

Proxecto Ríos



XI Limpeza Simultánea de Ríos

Achégate e participa



Galiza
XI Limpeza simultánea
30 setembro 2018





O obxectivo desta actividade é chegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza.

ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 30 de setembro de 2018 realizouse a **XI Limpeza Simultánea de Ríos** en 53 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até comunidades de montes, empresas e concellos, chegando ás 70 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Ourense, Fene ou Porriño, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en 50 treitos de río e participaron 861 persoas.

Neste décimo ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende os inicios, e ao longo destes dez anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos custodiados por estas entidades. É dicir, cando a implicación nas actividades de conservación provén das veciñas e veciños dunha zona, os resultados positivos fanse notar, ademais de ter unha maior duración no tempo.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o Protocolo de Actuación que se pode descargar en PDF na seguinte ligazón <http://limpeza.proxectorios.org/limpeza-de-rios/> Ademais, todas e todos os participantes recibiron como agasallo unha camisola co lema da limpeza “Móllate polos ríos”.

Desgraciadamente aínda se verten moitos residuos aos ríos. Desta volta recolléronse refugallo de todo tipo, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas e baterías de automóbiles, cristais e latas; tamén colchóns, palés, barras fluorescentes, triciclos, bidóns metálicos, televisores, electrodomésticos e entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, altavoces, plásticos do silo, etc... Continuou este ano a presenza de toallíñas húmidas para hixiene persoal tanto nos cauces como na vexetación ribeiriña. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacerlos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.



Calculamos que os residuos de tódolos concellos suman un total de máis de **10 toneladas**, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, pero si somos unha masa de xente que axuda a concienciar á sociedade. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso facemos actividades como esta. Os ríos non son vertedoiros, e hoxe débese fomentar o uso dos puntos limpos. Cada quen pode recapacitar ante esta situación e tamén reducir o seu consumo de plástico, utilizando botellas reutilizables, usando bolsas de tea, mellorando cada día un chisco este mundo maltratado. Promovemos este ano que cada voluntario e voluntaria levar as súas luvas de goma para evitar o uso das de látex ou vinilo, moito máis fráxiles, e que xeran máis residuos.

Dende ADEGA e Proxecto Ríos agradecemos o tempo e dedicación de todos os colectivos implicados na coordinación da limpeza na súa zona. Agradecer tamén aos concellos o compromiso na conservación dos ríos que atravesan os seus municipios, especialmente os concellos que apoiaron esta limpeza, que foron: A Coruña, A Estrada, Allariz, Arzúa, Cambre, Carballo, Fene, Gondomar, Lugo, Nigrán, Ponteareas, Pontevedra, Rianxo, Ribadumia, Salceda de Caselas, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Teo e Tomiño. Esta actividade conta co apoio da Confederación Hidrográfica Miño – Sil.

Proxecto Ríos é un proxecto financiado por Augas de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Contamos tamén co apoio da Fundación Biodiversidad para o desenvolvemento desta actividade.

Pero sobre todo e ante todo queremos agradecer o traballo de todas as persoas que se meteron no seu río para limpalo e axudar entre todos e todas a denunciar e solucionar este gran problema. Sen vós isto non sería posible. Un ano máis a sociedade galega, **Mollouse polos Ríos!!**

Moitas Grazas!!



Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados:

Concello	Grupo	Voluntarios/as	Río	Kg
A Coruña	Oficina de Medio Ambiente da UDC	18	Lagar	70
A Estrada	Asoc. pola Defensa do Val do Liñares	27	Liñares	1000
A Guarda	Asoc. A Jalleira	11	Folón	150
Allariz	CEA O Rexo	12	Arnoia	150
A Merca	Asoc. Xuvenil Xoldreira	18	Arnoia	75
Ares	Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro	7	Frades	150
Arzúa	Asoc. Pescadores do Iso	6	Iso	140
Betanzos	Fragas do Mandeo	23	Lambre	366
Caldas de Reis	Independentes de Caldas de Reis	10	Umia	95
Cangas do Morrazo	ADEGA-Vigo	9	Bouzós	12
Carral	Asoc. Brexa	11	Barcés	100
Carballo	Senda Nova	20	Anllóns	150
Castro de Rei	Asoc. Deportiva e Cultural Amigos do Miño	10	Miño	200
Catoira	ANPA As Lombas	24	Catoira	100
Cedeira	Asoc. Arce	13	Condomiñas	120
Fene	AETNA	20	Baa	200
	Asoc. Betula	20	Castro	500
Gondomar	Asoc A Groba Concello de Gondomar	28	Zamáns	500
Lousame	Sociedade Histórica Coluna de San Fins	6	San Fins	10
Lugo	ADEGA Lugo Plataforma Lugo de Cara ao Miño	16	Rato	850
Marín	Grupo Cultural Ronsel	20	Loira	70
Meis	Concello de Meis	10	San Tomé	15
Melide	Asoc. de Pescadores do Río Furelos	7	Furelos	140
Negreira-A Baña	Asoc. Afonso Eanes	7	Barcala	100
Nigrán	Concello de Nigrán	30	Muíños	300
Ourense	Ecovixiantes de Franciscanas	30	Miño	122
	Sustinea	3	Miño	15
Padrón	Asociación Naturalista Hispella	10	Ulla	35
Parada de Sil	A Fábrica da Luz	6	Mao	30
Ponteareas	Plataforma pola Defensa do Tea	19	Tea	300
Pontecesures	Baudea Aventura	5	Ulla	250
Pontevedra	Vaipolorío Fundación Juan XXIII	19	Gafos	110
Porriño	Asoc. Española de Herpetoloxía	3	Miñoterira	30
	ValoraNatura	20	Louro	150
Rianxo	Concello de Rianxo	10	Té	25
Ribadumia	Colectivo Ecoloxista do Salnés	12	Umia	315
Redondela	AAVV de Chapela CCMM de Teis	20	Pugariño	700
Salceda de Caselas	Asoc. Trezecatorze	17	Caselas	250
Salvaterra de Miño	Asoc. Lazoiro	6	Tea	300
San Sadurniño	Concello San Sadurniño	11	Xubia	100



XI Limpeza Simultánea de Ríos

Sarria	Asoc. Cultural Crearte Plataforma Sarriana polo Río	6	Sarria	150
Santiago de Compostela	ADEGA Compostela Gentalha do Pichel Semente	30	Sarela	200
Seoane do Courel	CPI UxíoNovoneyra	30	Moreda	10
Teo	CEIP A Ramallosa CEIP Os Tilos	100	Das Laxes	30
Tomiño	CEP Pedro Caselles	16	Pego	15
Valga	José María Eiras	5	Valga	48
Verín	Asoc. CDR Portas Abertas	15	Támega	200
Vila de Cruces	Cruces Verde	8	Ulla	1.000
Vigo	ADEGA-Vigo Lagares Vlvo	42	Lagares	400
Xunqueira de Ambía	Iniciativa Xunqueira	25	Arnoia	25
TOTAL		861	50	10.373





Pódese consultar os grupos de limpeza, ríos nos que se traballou e concellos na seguinte ligazón:

<https://drive.google.com/open?id=1quvVpsACviYAQvFX1cDbTTT1Z-ry3grp&usp=sharing>





FOTOS DOS GRUPOS PARTICIPANTES



ADEGA-Lugo e Plataforma Lugo Cara o Miño. Río Rato.



Gentalha do Pichel, Semente e ADEGA-Compostela. Río Sarela.





AAVV de Chapela e CCMM de Teis. Redondela. Rego de Pugariño



Asoc. TrezeCatorze. Salceda de Caselas. Río Caselas.





Plataforma pola Defensa do Río Tea. Ponteareas. Río Tea.



Vaipolorío, Fundación Juan XXIII. Pontevedra. Río Gafos.





Asoc. para a Defesa do Val do Liñares. A Estrada. Río Liñares.



A Fábrica da Luz. Parada de Sil. Río Mao.





CEA O Rexo. Allariz. Río Arnoia.



CEIP A Ramallosa, CEIP Os Tilos. Teo. Rego das Laxes.





Asoc. Betula. Fene. Río Castro.



AETNA. Fene. Río Baa.





ANPA as Lombas. Catoira. Río Catoira.



Baudea Aventura. Pontecesures. Río Ulla.





Asoc. CDR Portas Abertas. Verín. Río Támega.



Asoc. de Pesacores do Iso. Arzúa. Río Iso.





Concello de Gondomar, Asoc. A Groba. Gondomar. Río Miñor e Zamáns.



Asoc. A Jalleira. A Guarda. Río Folón.





Oficina de Medio Ambiente da UDC. A Coruña. Rego de Lagar.



Asoc. Lagares Vivo e ADEGA Vigo. Vigo. Río Lagares.





Concello de San Sadurniño. Río Xuvia.



Asoc. Troiteiros do Furelos. Melide. Río Furelos.





Concello de Nigrán. Río Muíños.



Independientes de Caldas de Reis. Río Umia.





CEIP Uxío NovoNeira. Folgoso do Courel. Río Moreda.



Asoc. A Xoldreira. A Merca. Río Arnoia.





Asoc. Brexa. Carral. Río Barcés.



Asoc. Naturalista Hispella. Padrón. Río Ulla.





Fragas do Mandeo. Betanzos. Río Lambre.



Ecovixiantes Franciscanas. Ourense. Río Miño e Lonia.





Senda Nova. Carballo. Río Anllóns.



Iniciativa Xunqueira. Xunqueira de Ambía. Río Arnoia.





Muíño Didáctico de Campaña. Valga. Río Valga.



Grupo Cultural Ronsel. Marín. Río Loira.





Valora Natura. Porriño. Río Louro.



Asoc. Afonso Eanes. Negreira e A Baña. Río Barcala.





Sociedade Histórica Coluna de San Fins. Lousame. Río San Fins



Asoc. Deportiva e Cultural Amigos do Miño. Castro de Rei. Río Miño.





Asoc. Arce. Cedeira. Río Condomiñas.



Colectivo Ecoloxista do Salnés. Ribadumia. Río Umia





Concello de Meis. Meis. Rego de San Tomé



CEP Pedro Caselles. Tomiño Río Pego





Concello de Rianxo. Río Té



ADEGA Vigo O Morrazo. Cangas. Río Bouzós





Dossier de prensa



Retiran 12 kilos de residuos del Bouzós en la limpieza simultánea de ríos de Adegas

En la labor en Cangas participaron 9 voluntarios

Redacción | Cangas | 02.10.2018 | 04:15

Un total de nueve voluntarios participaron en Cangas en la XI edición de la Limpieza Simultánea de Ríos, dentro del Proxecto Ríos, que organiza el colectivo ecologista Adegas a nivel de Galicia con actuaciones en varios municipios, financiado por Augas de Galicia, el Instituto de Estudos do territorio, de la Consellería de Medio Ambiente y la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil. Cangas fue uno de estos municipios al contar con un coordinador voluntario, que se "molló polos ríos" y convocó una limpieza en el Bouzós, que desemboca en el casco urbano, de donde retiraron 12 kilos de residuos.



Voluntarios en la limpieza del río Bouzós, en Cangas. // Adegas

La Voz de Galicia

Limpieza simultánea de los ríos

30/09/2018 05:00 H

Hoy • 9.30 horas • Ríos Loira y Gafos • Móllate por los ríos es una limpieza simultánea e los cauces fluviales a la que este año se han sumado 51 concellos de Galicia, con la participación de un total de 63 entidades, entre asociaciones, comunidades de montes, colectivos ecologistas, delegaciones de Adegas y centros de enseñanza.

Llaman a la participación en la limpieza simultánea de ríos

Se desarrolla el domingo en el Ullán, Meis, Vilanova y Ribadumia

M.m. | Ullán | 28.09.2018 | 03:50

La Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adegas), en calidad de entidad organizadora, pero también Concellos como el de Meis y colectivos vecinales de todo tipo llaman a la participación en la "XI Limpieza Simultánea de Ríos", que se celebra este domingo.

En la localidad meisina, por ejemplo, se actuará sobre el río San Martiño, por lo que se cita a todos los interesados en participar en esta actividad en la rotonda de O Carballal, desde la que se sube a Armenteira. Será a las 10.30 horas cuando comience esta expedición, para la que es preciso inscribirse en el teléfono 615 522 457.

Son 51 municipios gallegos y 63 entidades de todo tipo -desde colectivos sociales y ecologistas hasta centros de enseñanza- los que hacen realidad esta edición de "Proxecto Ríos", con la que se trata de "dar a conocer el importante papel que desempeñan los cauces fluviales, mostrar los problemas a los que se enfrentan y fomentar iniciativas que permitan a la ciudadanía su mantenimiento y mejora", explican en Meis.



XI Limpeza Simultánea de Ríos



**ADEGA***Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza*

Radio Cerna
Revista Cerna

ADEGA Cadernos
Outras publicacións

buscar...
Avanzada

INICIO ORGANIZACIÓN NOVAS **AXENDA** ÁREAS TEMÁTICAS PROXECTOS CAMPAÑAS MULTIMEDIA PASA Á ACCIÓN

Inicio / Axenda / Educación ambiental / XI Limpeza Simultánea de Ríos

30-09-2018

XI Limpeza Simultánea de Ríos

Este ano 2018 celebramos a undécima edición das limpezaas simultáneas de río. Son xa once anos nos que centos de persoas teñen participado nesta xornada de retirada de lixo dos nosos cursos fluviais. Miles de quilos de residuos foron quitados dos nosos ríos e ribeiras polo voluntariado participante.

O **domingo 30 de setembro** é a data na que se realizará a actividade. Para participar podes unirse a algún grupo organizado preto do teu concello ou ben promover a limpeza nun río actuando de coordinador/a. Na [web da limpeza](#) iremos informando da XI Limpeza Simultánea de Ríos.

Anímate a participar!!
Chama ou envía un e-mail aos seguintes contactos:
Teléfonos: 981 57 00 99 / 619 672 038
e-mail: pacobanhobre@adeqa.gal



móllate polos ríos

XI Limpeza simultánea
30 setembro 2018

Achégate e participa



Nigrán participa no 'Proxecto Ríos' coa limpeza do río Muíños

Os voluntarios que desexen participar na concienciación deben inscribirse previamente domingo ás 17:30 horas na Oficina de



Que pasa na Costa

DIARIO DIXITAL DA COSTA DA MORTE

	COSTA DA MORTE	CONCELLOS ▾	CULTURA	DEPORTES ▾	NATUREZA	MAR	FIF
--	----------------	-------------	---------	------------	----------	-----	-----

QUE PASA NA COSTA > CONCELLOS > CARBALLO >

O río Anllóns súmase á limpeza simultánea do Proxecto Ríos



Páxina web da limpeza

<http://limpeza.proxectorios.org>

Achégate e participa



**móllate
POLOS
RÍOS**

Galiza
XI Limpeza simultánea
30 setembro 2018



Móllate polos ríos | Limpezas de río | Participantes 2018 | Colaboradores 2018 | Limpezas Realizadas

Móllate polos ríos



O Proxecto Ríos xa leva organizando dende o 2008 este día de Limpeza Simultánea en numerosos concellos de Galiza. É un día no cal voluntarios e voluntarias saen aos seus ríos para recoller o lixo que atenta contra a riqueza dos nosos ecosistemas fluviais. Miles de quilogramos de refugallo xa foron extraídos de moitos ríos galegos polos centos de voluntarios/as que teñen participado nas limpeza anteriores.

Animámosvos a participar este ano para que vaiades ao voso río e recollades ese lixo que acaba coa súa biodiversidade e beleza.



ADEGA e o Proxecto Ríos agradecen o apoio e financiamento das seguintes entidades e dos 18 concellos que axudaron na XI limpeza simultánea de ríos.

Colaboradores 2018

Organiza:



Promove:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA



Fundación Biodiversidad

20
AÑOS



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA

CONFEDERACIÓN
HIDROGRÁFICA
DEL MIÑO-SIL, O.A.



Concellos



Concello de A Estrada



Concello de Allariz



Concello de Arzúa



Concello de Cambre



Concello de Carballo



Concello de Fene



Concello de Gondomar



Concello de Nigrán



Concello de Salceda de Caselas



Concello de Santiago de Compostela



Concello de San Sadurniño



Concello de Teo



Concello de Tomiño



Concello de Meis



XI Limpeza Simultánea de Ríos



Proxecto Ríos

Travesa de Basquiños 9, baixo

15.704. Santiago de Compostela

981 57 00 99